

## DESCRIPCIÓN DA OFERTA

**Posto vacante:** Analista/Programador PHP

**Departamento:** Desenvolvemento Web/Servizos Telemáticos

**Referencia:** WEB\_07\_01

**Ubicación:** Galicia (oficina Vigo)

**Descrición da oferta:** Para ampliar o noso departamento de Desenvolvemento Web e Servizos Telemáticos seleccionamos un analista/programador con ampla experiencia en plataforma LAMP.

Desenvolverá a súa actividade no ámbito do desenvolvemento e mantemento de aplicacións Web tales como plataformas de xestión de contidos, xestión de clientes, solucións de comercio electrónico, formación online e outras solucións de negocio, conxuntamente cos nosos técnicos e clientes.

Requírese unha persoa familiarizada co entorno de desenvolvemento baseado no software libre e capaz de realizar propostas técnico-económicas, deseños e implementación de aplicacións Web da compañía.

### REQUIRIMENTOS OBRIGATORIOS:

- **Estudos mínimos:** Enxeñeiro Técnico ou Superior en Informática. É válida outra titulación se cumpre a experiencia e coñecementos indicados.
- **Experiencia mínima demostrable** de 2 anos en contorno **PHP**
- **Coñecementos amplos** da plataforma LAMP (Linux, Apache, Mysql, PHP, Perl), HTML, XHTML/CSS, XML, PostgreSQL e JavaScript
- Experiencia na utilización de **Subversion** (sistema de control de versións) e **Smarty** (motor de plantillas)
- Experiencia no uso do repositorio **PEAR** de extensións PHP (QuickForm, Pager...).
- **Experiencia na busca de solucións Open Source en repositorios como sourceforge.net**, identificando os parámetros máis importantes á hora de seleccionar a aplicación máis indicada para cada proxecto (robustez, flexibilidade, garantías de continuidade e soporte ...)
- Os candidatos deberán presentar o seu **portfolio ou referencias** de proxectos nos que teñan participado

### VALORARASE:

- Experiencia no desenvolvemento de proxectos de envergadura
- Ter traballado con PHP 4/5 orientada a obxectos
- Experiencia escribindo código optimizado e limpo en PHP
- Experiencia o capacidade para traballar en sitios Web de elevado tráfico
- Coñecementos avanzados de administración Linux
- Soltura no manexo de distribucións Linux (Debian, Suse, Ubuntu...)
- Experiencia en maquetación Web e uso de Dreamweaver
- Coñecementos de Flash (ActionScript)

## **FUNCIÓN:**

Desenvolvemento de proxectos e aplicacións baseadas en software libre da compañía asumindo funcións tales como:

- Consultoría e desenvolvemento de aplicacións Web baseadas en LAMP
- Análise, deseño, redacción de propostas e interlocución cos clientes
- Instalación, configuración e persoalización de aplicacións open source
- Integración e mantemento de aplicacións Web predeseñadas (Joomla, OssCommerce, Sugar CRM, Drupal, Moodle, SPIP...)
- Formación especializada en casos puntuais

## **PERFIL PERSOAL/PROFESIONAL**

- Perfil técnico con gusto pola programación
- Ganas de comprometerse cunha empresa en continuo crecemento.
- Con iniciativa e acostumados a traballar en equipo.
- Gran capacidade de aprendizaxe, comunicación, esforzo e vontade de mellora

## **CONTRATO**

- Tipo de contrato: Indefinido, con período de proba de 6 meses
- Xornada laboral: Completa
- Horario: De 09.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00
- Remuneración: Segundo experiencia.

Os candidatos poderán enviar o seu CV e/ou carta de presentación, indicando a referencia da oferta, a través de calquera dos seguintes medios:

- Envío de CV's ó correo electrónico: [rrhh@wirelessgalicia.com](mailto:rrhh@wirelessgalicia.com)
- Envío postal de CV's ó domicilio: Colon 20, 36201 Vigo (Pontevedra)
- Sección Bolsa de traballo da Web de Wireless Galicia